



Facultade de Bioloxía

Informe de Coordinación Grao en Biotecnoloxía

1º Cuadrimestre
Curso: 2022-2023

Aprobado pola Comisión de Título do Grao en Biotecnoloxía
27/09/2023

Aprobado pola Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía
27/09/2023



Coordinadores

Primeiro Curso: Manuel Noia Guldrís

Segundo Curso: Cristina Díaz Jullien

Terceiro Curso: Enrique Roca Bordello

Cuarto Curso: Sabela Balboa Méndez

Índice

Contido

Informe global	1
Primeiro Curso.....	2
Enquisa ao alumnado.....	2
Reunión coa representante do alumnado.	2
Reunión cos coordinadores das materias.	2
Segundo curso	12
Encuesta de valoración de la docencia	12
Comentarios generales	12
Comentarios sobre cada materia	12
Terceiro Curso	20
Reunión de coordinación	20
Informe do 1º cuadrimestre do curso 2022-23.....	20
Accións de mellora.....	22
Cuarto Curso.....	23
Comentarios xerais	23
Comentarios por materias:	24

Informe global

Os índices de superación na primeira convocatoria melloraron no primeiro curso, mantivéronse no segundo curso, aínda que con importantes cambios nalgúns materias, e descenderon lixeiramente no terceiro e cuarto (gráfico 1). Posiblemente o alumnado de primeiro curso comezou a carreira con máis motivación e/ou con mellores hábitos de estudo que os do curso anterior, observándose unha maior asistencia ás clases expositivas. En segundo curso obsérvase unha diminución da asistencia. Entre as materias básicas de primeiro curso, Matemáticas volve ser considerada pouco útil polo alumnado para a súa formación, pero obsérvase unha clara mellora en Física que podería estar relacionada cun cambio de profesorado e de metodoloxía. En segundo lugar, prodúcese un descenso da utilidade percibida da materia de Bioquímica I por parte do alumnado que coincide cunha baixada do índice de superación, que podería estar relacionada cun cambio na metodoloxía do exame. Aumenta an cambio a utilidade percibida da materia TFTC e tamén o índice de superación, que se podería explicar por cambios na metodoloxía, aínda que o calendario de exames tamén puido influír. En Microbioloxía II tamén se observa un cambio na distribución das cualificacións, que pode deberse en parte a un cambio no tipo de exame. En terceiro curso obsérvase que, en xeral, o alumnado é máis crítico en todas as materias, con queixas relacionadas con horarios, acumulación de tarefas ou falta de utilidade dalgúns actividades. Neste curso impartíuse por segunda vez o cuarto curso do Grao en Biotecnoloxía e en xeral observouse unha mellora na percepción do alumnado a excepción da materia de Economía e Dirección de Empresas na que se produciu un cambio de profesorado. que provocou un aumento do nivel de esixencia que lle pareceu excesivo ao alumnado, o que tamén se reflicte nos resultados.




Figura 1. Porcentaxe de superación en primeira convocatoria nos cursos 2021-2022 (azul) e 2022-2023 (laranxa).

Primeiro Curso

Enquisa ao alumnado.

O alumnado respondeu a “enquisa de percepción do desenvolvemento das materias” (Anexo I) os días 8 e 9 de febreiro de 2023. En total, o número de enquisas contestadas foi de 49. Os resultados desta enquisa móstranse ao final do presente informe (Anexo II).

Reunión coa representante do alumnado.

- Día: 3 de febreiro de 2023.

- Asistentes: María Rodríguez Fernández (representante do alumnado) e Manuel Noia Guldrís (coordinador de primeiro curso).

- Puntos da orde do día:

1.- Na reunión solicitóuselle á representante que me enviara por correo-e as observacións, dúbidas, recomendacións, queixas e suxestións sobre o desenvolvemento do primeiro cuadrimestre.

Punto 1 da orde do día: o 9 de febreiro, a representante mandoume por correo-e os comentarios.

Reunión cos coordinadores das materias.

- As/os coordinadoras/es das materias, citados a continuación, foron convocadas/os a unha reunión a través de Teams o día 17 de febreiro de 2023:

- Asistentes:

Jesús Antonio Álvarez López (Matemáticas).

Mercedes Conde Amboage (Bioestatística e deseño experimental).

Manuel Félix Freire Iribarne (Química).

Física: ninguén do profesorado de física puido asistir á reunión, polo que se lle enviou o informe á coordinadora da materia (María Concepción Nistal Fernández) por correo-e, para que enviara os comentarios que considerara oportunos.

Manuel Noia Guldrís (Coordinador de primeiro e de Bioloxía Celular).

- Orde do día:

1.- Informe xeral sobre a percepción da docencia.

2.- Rolda aberta para coñecer a opinión dos profesores das distintas materias.

Infórmase, por parte do coordinador de curso, sobre a percepción da docencia e sobre os resultados da enquisa realizada ao alumnado (Anexo II); informándose ao final sobre o resultado da última pregunta de dita enquisa:

12. Cal é a túa intención respecto aos itinerarios ofertados en cuarto curso? Se dubidas podes marcar máis dunha opción

Escoller o itinerario Sanitario	28
Escoller o itinerario Industrial	0
Escoller o itinerario Agroalimentario	2
Escoller materias de distintos itinerarios5	
Aínda non o teño pensado	14

O coordinador de curso comenta as aportacións realizadas polo alumnado.

En **matemáticas**, o alumnado indica que faltan explicacións necesarias de cara ao exame final. E que na segunda parte, a docencia é moi desorganizada e ao mellor dáse por sentado que o alumnado ten coñecementos que quizais non ten polo que non entende o que se di. Deberían ser clases máis dinámicas, explicando practicando, coa resolución de exercicios tipo dos que se poñen no exame.

O coordinador da materia informa que ven moitos modelos de biotecnoloxía ou relacionados con eles, e que no exame as preguntas poden ter unha aplicación nova, pero que o tipo de ecuación que se ten que aplicar si que se trata; é entente que ten que ser así xa que o alumnado debe ter que pensar polo que cada ano se busca algo novo.

En **física**, o alumnado comenta que os contidos dos primeiros temas poderían explicarse dunha forma moito máis comprensible e sinxela, porque se fai máis complicado do que en realidade é. Consideran que os seminarios deberían ser máis útiles e as prácticas da primeira parte estar mellor organizadas para aproveitar mellor o tempo.

A coordinadora da materia expón que os resultados da materia son similares aos do curso pasado. Probablemente os seminarios serían máis proveitosos para o alumnado se estiveran máis cercanos ás clases expositivas e tamén, se as prácticas de laboratorio da primeira parte se fixeran no Laboratorio da Facultade de Física.

En canto a **química**, consideran que os contidos, organización e docencia foron excelentes.

O coordinador da materia comenta que o ano pasado solicitara que os seminarios estiveran máis espazados ao longo do cuadrimestre, e que ao se facer ese cambio, influíu positivamente na docencia e na boa percepción que ten o alumnado, do que se aleda.

En **bioloxía celular**, o alumnado quéixase de que non se faciliten as imaxes vistas nas diapositivas e de que o contido dos seminarios é excesivo e complexo para o nivel xeral, aínda que son interesantes; e ademais, que os contidos dos seminarios deberían axeitarse máis ao temario visto nas horas expositivas.

O coordinador da materia trasladou os comentarios sobre os seminarios ao profesor que imparte esa parte da materia, que é consciente de que algún seminario pode ser difícil, pero tamén lles di que se teñen problemas que se poñan en contacto con el, pero son minoría os que van resolver as dúbidas co profesor. Tamén indica que fará cambios nalgúns seminarios para que teñan máis relacións cos contidos do temario.

En cando ao de suministrar máis imaxes, o profesorado considera que o alumnado tamén ten que ser autónomo para buscar imaxes en libros ou en páxinas da internet e non lle dar todo feito, o que tamén é mellor para a súa formación.

Por último, na materia **Bioestatística e Deseño Experimental**, o alumnado considera que é mellorable a xestión dos prazos de entrega do traballos da materia.

A coordinadora da materia comenta que non entende moi ben a queixa, xa que a data de entrega foi acordada co propio alumnado. Puido pasar que ao final se lle xuntara con outras actividades.

ANEXO I

ENQUISTA DE PERCEPCIÓN DO DESENVOLVEMENTO DAS MATERIAS.

CURSO 2022-23. 1º CUADRIMESTRE.

Materias: Matemáticas, Física, Química, Bioloxía celular e Bioestatística e deseño experimental.

1. As actividades realizadas axústanse á guía docente

- Pouco (1)
- Bastante (2)
- Moito (3)
- Non procede (0)

2. O temario impartido axústase ao programa

- Pouco (1)
- Bastante (2)
- Moito (3)
- Non procede (0)

3. O temario impartido é redundante con outras materias do mesmo ou diferente curso

- Pouco (1)
- Bastante (2)
- Moito (3)
- Non procede (0)

4. As titorías en grupo foron útiles

- Pouco (1)
- Bastante (2)
- Moito (3)
- Non procede (0)

5. As clases prácticas (laboratorio/ordenador/problemas/exercicios) foron útiles

- Pouco (1)
- Bastante (2)
- Moito (3)
- Non procede (0)

6. Os seminarios foron útiles

- Pouco (1)
- Bastante (2)
- Moito (3)
- Non procede (0)

7. Creo que a docencia da materia mellorou a miña formación

- Pouco (1)
- Bastante (2)
- Moito (3)

Non procede (0)

8. Creo que o nivel esixido na avaliación, comparado co nivel das clases, foi

Correcto (1)

Algo excesivo (2)

Moi excesivo (3)

Non procede (0)

9. Creo que o esforzo e dedicación que esixe a materia foi

Baixo (1)

Medio (2)

Elevado (3)

Non procede (0)

10. Cantas horas semanais de traballo persoal ao longo do cuadrimestre son necesarias para a superación da materia?

< 3 horas (1)

3 a 6 horas (2)

> 6 horas (3)

Non procede (0)

11. Observacións e suxestións

12. Cal é a túa intención respecto aos itinerarios ofertados en cuarto curso? Se dubidas podes marcar máis dunha opción

Aínda non o teño pensado



Escoller o itinerario Industrial

Escoller o itinerario Sanitario



Escoller materias de distintos itinerarios

Escoller o itinerario Agroalimentario



ANEXO II





Informe de Coordinación Grao en Biotecnoloxía 1º Cuadrimestre 2022-2023





Informe de Coordinación Grao en Biotecnoloxía 1º Cuadrimestre 2022-2023



Informe de Coordinación Grao en Biotecnoloxía 1º Cuadrimestre 2022-2023



Informe de Coordinación Grao en Biotecnoloxía 1º Cuadrimestre 2022-2023



Segundo curso

Encuesta de valoración de la docencia

El alumnado cubrió la encuesta de valoración de manera telemática los días 14 y 24 de febrero. El número de alumnos que cubrieron la encuesta fue de 36.

Las gráficas con los resultados obtenidos se muestran en el Anexo I.

La reunión con el representante del alumnado tuvo lugar el 28/02/2023.

Asistentes: Santiago Boiero Barsce (representante del alumnado) y Javier Sampedro Jiménez (coordinador del Grado en Biotecnología).

No hubo reunión con los profesores: se les enviaron las encuestas y los comentarios del alumnado por correo electrónico, y ellos contestaron también a través del correo.

Comentarios generales

Los estudiantes no aprecian un exceso de acumulación de trabajos a lo largo del cuatrimestre, pero consideran que la sucesión de exámenes que requieren mucho esfuerzo de estudio hace difícil superar todas las materias.

Comentarios sobre cada materia

Estos comentarios se han recogido a través del representante de los alumnos y en base a algunos comentarios escritos en las encuestas.

BIOQUÍMICA I:

Comentarios del alumnado

Un 71% de los estudiantes considera que la materia mejoró poco su formación y un 44% que los seminarios fueron poco útiles. Los estudiantes consideran que el temario repite muchos contenidos que ya se vieron en el bachillerato y manifiestan que les cuesta seguir las explicaciones.

Consideran además que no se cumplió la guía docente en lo referente al modelo de examen dado que contemplaba una sección de preguntas tipo test y otras cuatro preguntas. El examen realizado constaba de seis preguntas, aunque el profesor explicó estos cambios antes de su realización. Un 53% de los estudiantes considera que el nivel exigido en el examen fue excesivo. El examen requería puntuar en todas las preguntas,

tal como se contempla en la guía docente, y fue el último del calendario, lo que también pudo contribuir a la bajada de un 23% en el porcentaje de superación y la ausencia de sobresalientes o matrículas de honor.

Comentarios del coordinador de la materia (Óscar Cordero Santamaría)

-Considera muy llamativa la poca asistencia a clase, lo que cree que reduce la certeza de las respuestas al cuestionario.

-Es cierto que la primera parte del temario repite contenidos del bachillerato. En general hay muchas diferencias de conocimientos previos según el origen de los alumnos y por eso se mantiene este temario, Una opción sería cambiar el método de clase magistral para esos temas, lo que permitiría también que usen manuales (el profesor resolvería dudas, pero los temas los prepararía el alumnado). Se podría considerar esta opción para cursos venideros.

- Es cierto que se cambió en parte el tipo de examen, la parte test con peso 30%, para hacer un examen más atractivo recordando que los alumnos se quejaban en años anteriores de la facilidad del examen y la materia. En cualquier caso, se mantendrá el próximo curso el tipo de examen anterior.

-Cree que hablar de un nivel exigido alto es contradictorio con otros comentarios que suponen pocas novedades en los contenidos y poca importancia de prácticas y seminarios, o de la dificultad de seguir las explicaciones (más cuando la mayoría no estaba en las clases).

-Aunque considera una pena que no hubiera sobresalientes, varias personas sacaron más de un 8. El mantenimiento del sistema doble, puntos y calificaciones nominales, así como de los sistemas de evaluación complejos, no son favorables para mejorar las calificaciones. Así mismo, como el examen se realizó el último día antes de empezar el segundo cuatrimestre y las clases, probablemente hizo que los alumnos con buenas notas no vinieran a las revisiones, aunque siempre somos flexibles en nuestra disponibilidad.

FISIOLOGÍA:

Comentarios del alumnado:

La mayoría de los alumnos consideran que el esfuerzo que exige la materia es elevado, probablemente refiriéndose al tiempo de estudio, pero un 70% considera también que mejora mucho su formación.

La mayoría de los alumnos no hizo uso de las tutorías, que están programadas al inicio del curso y son voluntarias.

Los resultados de los alumnos en la primera convocatoria son similares a los del año pasado.

Comentarios del coordinador de la materia (Francisco Martín Cora):

-Confirma que los alumnos no hacen uso de las tutorías y no será porque no se les proponga y se les ofrezca un calendario flexible.

-Cree que dado el escaso tiempo para la impartición de esta materia (algo común a casi todas las materias de grado) sería bueno determinar si están en lo cierto los 5 alumn@s de 36 que apuntan que hay solapamientos con otras materias para tratar de evitarlos.

TRANSPORTE DE FLUIDOS Y TRANSMISIÓN DE CALOR:

Comentarios del alumnado:

Un 94% de los estudiantes considera que el esfuerzo exigido por esta materia es elevado. La materia requiere de la realización de un número importante de informes y ejercicios y el contenido les resulta poco familiar y difícil de estudiar. La dificultad de esta materia puede estar relacionada con que bastante estudiantes no han cursado física en bachillerato.

A mayores muchos alumnos acceden al Grado con una idea de la biotecnología limitada al ámbito sanitario y no ven la relevancia de esta materia. Por otro lado, los estudiantes valoran el gran esfuerzo del profesorado para explicar la materia.

Un 51% de los estudiantes consideran que los seminarios fueron muy útiles y varios comentarios sugieren aumentar su número. Un 68% considera que las tutorías fueron bastante o muy útiles.

Por otro lado, un 38% de los estudiantes considera que las prácticas fueron poco útiles. Este último punto puede que esté relacionado con el hecho de que algunas prácticas se den antes de la teoría. A pesar de la dificultad un 43% considera que la materia mejoró su formación. La tasa de superación aumentó un 23% respecto al año pasado. El examen final fue el primero en realizarse, lo que pudo contribuir a esta mejora.

Comentarios de la coordinadora de la materia (Almudena Hospido Quintana)

Considera positivo ver que efectivamente el alumnado empieza a entender el porqué de la materia en su plan de estudios y que el engranaje del proceso de aprendizaje ya no chirría como en las primeras experiencias.

MICROBIOLOGÍA II

Comentarios del alumnado:

Un 45 % de los estudiantes considera que la materia contribuyó mucho a su formación. Las prácticas en particular fueron consideradas muy útiles por el 53% de los estudiantes y las tutorías bastante o muy útiles por un 55% de los estudiantes.

Informe de Coordinación Grao en Biotecnología 1º Cuadrimestre 2022-2023

En esta materia hubo un aumento en el porcentaje de superación, pero una caída importante en las notas más altas con un único sobresaliente o matrícula de honor. Aparentemente hubo un cambio en el modelo de examen con un menor peso de las preguntas tipo test y un mayor peso de preguntas cortas que requerían una respuesta muy precisa, aunque los estudiantes consideran mayoritariamente que el nivel exigido fue correcto.

Comentarios de la coordinadora de la materia (Ana María Otero Casal)

- También quedó sorprendida de que hubiese tan pocos sobresalientes. El examen era prácticamente el mismo que los otros años. Se bajó la nota asignada al test (y el número de preguntas de esa sección) porque tradicionalmente es la parte que peor hacen, y así siguió siendo este año, con lo que, en realidad, si hubiese puntuado igual que el año pasado, las notas habrían sido aún más bajas.

-Le sorprende el elevadísimo número de encuestas que ponen “no procede” para las tutorías. TODOS los alumnos pasan OBLIGATORIAMENTE por parejas por su despacho para una hora de tutoría, en la que se les corrige la presentación que harán en la hora de seminario de un trabajo científico. Se ve que esa hora de trabajo no la perciben “tutoría”.

GENÉTICA I

Comentarios del alumnado:

Un 45 % de los estudiantes considera que la materia contribuyó mucho a su formación.

Por otro lado, la mitad de los estudiantes consideran que los seminarios fueron de poca utilidad. La guía docente contemplaba la realización de boletines de problemas que aparentemente no se hicieron y los estudiantes no percibieron una buena conexión entre el contenido de los seminarios y la teoría.

Un 64% de los estudiantes considera el nivel exigido en el examen excesivo. Los estudiantes consideran que estaban poco preparados para la parte de ejercicios del examen lo que podría estar relacionado con la caída de un 10% en el porcentaje de superación en primera convocatoria.

Comentarios del coordinador de la materia (Ana María Viñas Otero)

-Aunque cree que los alumnos tienen razón en la falta de relación entre los seminarios y la teoría (le transmitió esta información al profesor encargado de los seminarios pero no hizo recibió ninguna respuesta), no está de

Informe de Coordinación Grao en Biotecnología 1º Cuadrimestre 2022-2023

acuerdo en la relación de los suspensos con el tema de los seminarios ya que se hicieron problemas en las clases expositivas a lo largo del curso y los que se han puesto en el examen eran más fáciles.

-Parte del problema puede estar en que un grupo de alumnos no han asistido a clase prácticamente en todo el cuatrimestre y eso pasa factura.


-Le gustaría saber en concreto cuáles son los solapamientos que detecta el alumnado y con qué asignatura(s).



.



ANEXO I. ENCUESTAS DE VALORACIÓN DE LA DOCENCIA

1. Las actividades realizadas se ajustan a la guía docente
2. El temario impartido se ajusta al programa
3. Hay redundancias con otras materias del mismo o diferente curso (1: muchas; 2: algunas; 3: pocas)
4. Las tutorías son útiles
5. Las clases prácticas son útiles
6. Los seminarios son útiles
7. Creo que la docencia de la materia mejoró mi formación
8. Creo que el nivel exigido en la evaluación, comparado con el nivel de las clases, fue: (1: correcto; 2: algo excesivo; 3: muy excesivo)
9. Creo que el esfuerzo y dedicación que exige la materia fue: (1:bajo; 2:medio; 3:elevado)
10. ¿Cuántas horas semanales de trabajo personal son necesarias para la superación da materia? (1:<3 h; 2:3-6 h; 3:>6 h).

Los números dentro de las barras corresponden a las respuestas “NO PROCEDE”







Terceiro Curso

Reunión de coordinación

A reunión celébrase na Saa X3.1 da ETSE e por Teams o día 22 de setembro de 2023 en horario de 12:15 a 13:10.

Asisten: Javier Sampedro Jiménez, Jannette Pallarés Rodríguez, Francisco Javier Salgado Castro, Antonio Gómez Tato e Enrique Roca Bordello.

Xustifican a súa ausencia: Elisa Rubí Cano e Amaya Franco Uría.

Informe do 1º cuadrimestre do curso 2022-23.


Realizouse unha enquisa cun grao de participación alto, responderon 41 estudantes.

As cuestións plantexadas na enquisa:

- 1.- ¿As actividades realizadas axústanse á guía docente?
- 2.- ¿O temario impartido axústase ao programa?
- 3.- ¿O temario impartido é redundante con outras materias do mesmo ou diferente curso?
- 4.- ¿As titorías foron útiles?
- 5.- ¿As clases prácticas/sesións de ordenador foron útiles?
- 6.- ¿Os seminarios foron útiles?
- 7.- Creo que a docencia da materia mellorou a miña formación
- 8.- Creo que o nivel esixido na avaliación, comparado co nivel das clases, foi
- 9.- Creo que o esforzo e dedicación que esixe a materia foi
- 10.- ¿Cantas horas semanais de traballo persoal ao longo do cuadrimestre son necesarias para a superación da materia?

Respostas: Niveis 1 a 3: Pouco (0-1), Bastante (1-2), Moito (2-3) para as preguntas 1-7.
Correcto, Algo excesivo, Moi excesivo para a pregunta 8.
Baixo, Medio, Elevado para a pregunta 9.
< 3 horas, 3 a 6 horas, > 6 horas para a pregunta 10.

Resultados medios da enquisa



Os resultados observados mostran, en xeral, un actitude máis crítica dos estudantes coa nosa labor docente que en cursos anteriores. Nos aspectos que soen ser mellor valorados como se as actividades e o temario impartido se axustan ao programado, a suma dos dous niveis superiores non chega ao 85%, e a opinión sobre solapamentos entre materias tamén empeora.

A opinión sobre a utilidade de prácticas, titorías e seminarios tamén é baixa, en especial a dos seminarios. No caso das titorías a opinión tamén é mala aínda que queda un tanto enmascarado polo elevado peso da resposta Non procede.

Esta opinión tan crítica coas preguntas anteriores relativas ás diferentes tipoloxías de clases contrasta, en cambio, coa opinión que ten máis do 70% de que a docencia recibida na clases permitiu mellorar a súa formación entre bastante ou moito.

O nivel exigido no exame opinan, en xeral, que é baixo en relación coa docencia recibida, mentras que o esforzo requerido é elevado. Esta última opinión non é coherente coa resposta á pregunta das horas de traballo, que se atopa nun nivel intermedio. Este comportamento contradictorio das respostas ás preguntas 9 e 10 xa se observou en cursos anteriores.

Comentarios dos alumnos

Da reunión co alumno delegado de 3ºCurso e dos comentarios dos alumnos da enquisa, extraense as seguintes cuestións sobre as que reflexionar e que se analizan na reunión:

- Acumulación de tarefas ao final do cuadrimestre.
- Horarios mal deseñados (horas non agrupadas, cambios nos horarios non comunicados aos alumnos, confusións cos horarios,), especialmente ao final do cuadrimestre.
- Prácticas mal plantexadas (pouco laboratorio, non aportan coñecimentos novos,...)
- Excesiva carga da continua para o que conta na nota.
- Algunhas materias de 4,5 requiren demasiado tempo e a carga de traballo é excesiva en comparación con outras. As prácticas de ordenador son demasiado longas es en ningún descanso o que as fai moi difíciles de levar.
- Moitos traballos e presentacións orais (coordinarse entre materias).
- Dar información sobre TFG, prácticas curriculares e extracurriculares.

Accións de mellora.

Acórdase empezar a por en práctica as seguintes accións de mellora:

a.- No relativo aos horarios do curso 2023-24 xa na súa elaboración se tratou de corrixir certas deficiencias para evitar a mala percepción dos alumnos, fundamentalmente relacionadas coa existencia de horas mortas. Adiantáronse clases expositivas e algúns seminarios.

b.- Por en marcha dende a coordinación do título un calendario no que os profesores publiquen as datas de presentación de traballos para que sexan coñecidas polos alumnos e os profesores e así evitar coincidencias e acumulacións nas mesmas (en especial ao final do cuadrimestre) que provocan sensación de estrés nos alumnos.

c.- Dar o feedback de cómo levan as actividades de continua antes da presentación dos traballos para que os alumnos vaian vendo o seu progreso. Distribuir a realización de tarefas da avaliación continua e coordinarse entre materia para tratar de reducir as presentacións orais en tódalas materias. Nas materias que poidan presentar algún solapamento ou relación dos contenidos das prácticas, por empregar ferramentas iguais, tratar de ver a posibilidade de que sexan secuenciáis para que os contados básicos se vexan antes e así evitar reiteracións entre prácticas de materias diferentes.

d.- Incorporar descansos nas prácticas, en especial as que se realizan con ordenadores. Establecer descansos de 10 min cada hora, para aquelas cunha duración superior a dúas horas.

e.- Dende o Decanato se ampliará a información que se subministra aos alumnos, en particular sobre os aspectos administrativos relacionados co TFG e ás Prácticas Curriculares e Extracurriculares.

Cuarto Curso

O alumnado respondeu a enquisa dá 4 C1 “Percepción do desenvolvemento das materias 21-22 o día 08/02/2023 de maneira telemática (Forms) durante vos últimos 10 minutos dá clase “Seguridade e aspectos legais e éticos dá biotecnoloxía”, por ser a única materia de carácter obrigatorio non segundo semestre e estivo aberta ata o día 09/02/2023 as 15h.

A reunión coa representante do alumnado, foi do día 13/02/2023 de forma presencial no instituto CRETUS. Asistentes: Lucía Lorenzo Rodríguez (representante do alumnado) e Sabela Balboa Méndez (coordinadora de 4º curso).

Ou informe enviouse aos coordinadores das materias que non tiveron comentarios.

Contestaron a enquisa 42 persoas.

Cabe destacar que unha gran parte do alumnado contestou a todas a preguntas independentemente de se as cursaban ou non. Para a análise de respostas e representacións gráficas, elimináronse aquelas persoas que non cursaran a materia, entendo como tal aquelas que contestaron non procede en todos os ítems dunha materia.

Comentarios xerais

COMENTARIOS XERAIS SOBRE O DESEÑO DAS MATERIAS

Unha análise xeral das respostas indica que en xeral hai un bo axuste entre o exposto na clase e o descrito tanto no programa como na guía docente excepto na materia Economía e Xestión de empresas, onde o alumnado considera que se axusta pouco en ambos apartados. En xeral, o alumnado atopa pouco solapamento entre materias.

Unha gran maioría do alumnado non cursou as titorías en grupo, dos que o fixeron avalíanse por baixo da media Biotecnoloxía veterinaria, Procesos Biotecnolóxicos na industria alimentaria e Economía e xestión de empresas.

En xeral, consideran que as prácticas en calquera das súas modalidades son útiles ou moi útiles, excepto Procesos biotecnolóxicos na industria alimentaria, avaliadas como bastante útiles e Economía e xestión de empresas, que consideran que foron pouco útiles. Resultados similares se obtiveron para a avaliación dos seminarios.

Consideran maioritariamente que todas as materias melloraron bastante a súa formación, coa excepción de Economía e xestión de empresas avaliada como pouco. Cabe destacar os casos de Laboratorio de biotecnoloxía industrial e Instrumentación e control de procesos, avaliadas coa máxima puntuación.

O esforzo percibido polo alumnado é en xeral medio excepto en Nanobiotecnoloxía e Laboratorio de biotecnoloxía industria que é percibido como medio-elevado e Economía e xestión de empresas, percibido como elevado. De maneira similar, a carga de horas de traballo é percibida como media na maioría das materias.

COMENTARIOS XERAIS DO ALUMNADO

- O alumnado queixase de cambios de horarios habituais e no último momento.
- O alumnado queixase de falta de información respecto ao TFG.

Comentarios por materias:

Economía e xestión de empresas (Coordinador: Jose Andres Villamarin Taboada)

Contestaron a enquisa un total de 37 alumnos para esta materia.

Móstranse en xeral descontentos coa materia aínda que destacan a boa disposición do docente para intentar solventar as dúbidas.

Consideran que o nivel esixido foi moi elevado e que houbo unha carga excesiva de exercicios de avaliación continua ao final do semestre. Consideran ademais que o temario, a pesar de cumprir co establecido na guía docente, ten un enfoque que non é adecuado á titulación, e que faltan máis contidos relacionados coa industria biotecnolóxica.

Biomateriais e biosensores (Coordinador: Álvaro Gil González)

Contestaron a enquisa un total de 15 alumnos para esta materia.

O alumnado quéixase de falta de adecuación ao temario, xa que a parte da materia dedicada a biosensores foi escasa, 1 tema de 6.

Biotecnoloxía médica (Coordinador: Jesús Rodríguez Requena)

Contestaron a enquisa un total de 25 alumnos para esta materia.

O alumnado queixase da que a parte de inmunoloxía non se explicou o suficiente e o estudo foi en grande medida traballo persoal usando un libro.

Nanobiotecnoloxía (Coordinadora: Patricia Díaz Rodríguez)

Contestaron a enquisa un total de 13 alumnos para esta materia.

Houbo queixas sobre a o temario, que consideran demasiado extenso para unha materia de 4.5 créditos.

Biotecnoloxía veterinaria (Coordinador: Miguel Balado Dacosta)

Contestaron a enquisa un total de 20 alumnos para esta materia.

Consideran que hai demasiado solapamento con Biotecnoloxía microbiana e que o contido non representa o título da materia.

Procesos biotecnolóxicos na industria alimentaria (Coordinadora: M^a do Pilar Calo Mata).

Contestaron a enquisa un total de 32 alumnos para esta materia.

Non houbo comentarios a esta materia.

Modificación xenética de plantas (Coordinador: Marcos Viejo Somoano)

Contestaron a enquisa un total de 13 alumnos para esta materia.

O alumnado non ten comentarios sobre esta materia.

Produción e mellora vexetal (Coordinador: Juan Luís Fernández Lorenzo)

Contestaron a enquisa un total de 9 alumnos para esta materia.

O alumnado queixase dunha excesiva carga de traballo e falta de coordinación entre os docentes da materia.

Instrumentación e control de procesos (Coordinador: Miguel Mauricio Iglesias)

Contestaron a enquisa un total de 4 alumnos para esta materia.

O alumnado non ten comentarios sobre esta materia.

Operacións de separación (Coordinador Jose Manuel Navaza Dafonte)

Non contestou ningún alumno a enquisa para esta materia.

Laboratorio de Biotecnoloxía Industrial (Coordinadora Amaya Franco Uria)

Contestou a enquisa 1 alumno para esta materia.

Non hai comentarios a esta materia.

ANEXO I. ENCUESTAS DE VALORACIÓN DE LA DOCENCIA

1.- As actividades realizadas na materia axústanse á guía docente (1: Pouco; 2: Bastante; 3: Moito).

2.- O temario impartido axústase ao programa (1: Pouco; 2: Bastante; 3: Moito).

3.- O temario impartido é redundante con outras materias do mesmo ou diferente curso (1: Moito; 2: Bastante; 3: Pouco).

4.- As titorías en grupo foron útiles (1: Pouco; 2: Bastante; 3: Moito).

5.- As clases prácticas (laboratorio/ordenador/problemas/exercicios) foron útiles (1: Pouco; 2: Bastante; 3: Moito).


6.- Os seminarios foron útiles (1: Pouco; 2: Bastante; 3: Moito).

7.- Creo que a docencia da materia mellorou a miña formación (1: Pouco; 2: Bastante; 3: Moito).


8.- Creo que o esforzo e dedicación que esixe a materia foi (1: Baixo; 2: Medio; 3: Elevado).

9.- Cantas horas semanais de traballo persoal ao longo do cuadrimestre son necesarias para a superación da materia? (1: <3 horas; 2: 3-6 horas ; 3: >6 horas).


Los números dentro de las barras corresponden a las respuestas “NO PROCEDE”




Biomateriais e biosensores




Nanobiotecnoloxía




Bioteconoloxía veterinaria




Procesos biotecnolóxicos na industria alimentaria




Modificación xenética de plantas




Produción e mellora vexetal



Instrumentación e control de procesos



Laboratorio de biotecnología industrial





Facultade de Bioloxía

Informe de Coordinación Grao en Biotecnoloxía

2º Cuadrimestre
Curso: 2022-2023

Aprobado pola Comisión de Título do Grao en Biotecnoloxía
27/09/2023

Aprobado pola Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía
27/09/2023



Coordinadores

Primeiro Curso: Manuel Noia Guldrís

Segundo Curso: Cristina Díaz Jullien

Terceiro Curso: Enrique Roca Bordello

Cuarto Curso: Sabela Balboa Méndez

Índice

Contido

Informe global	1
Primeiro Curso.....	3
Enquisa ao alumnado.....	3
Reunión coa representante do alumnado.	3
Reunión cos coordinadores das materias.	3
Segundo curso	14
Enquisa de valoración da docencia.....	14
Comentarios xerais	14
Comentarios sobre cada materia	15
Terceiro Curso	22
Reunión de coordinación	22
Informe do 2º cuadrimestre do curso 2022-23.....	22
Accións de mellora.....	24
Cuarto Curso.....	26
Comentarios xerais	26
Comentarios por asignaturas:	27

Informe global

Este ano graduáronse 49 alumnos, 45 deles da segunda promoción e 4 da primeira. Cos datos dos primeiros cinco anos de implantación podemos observar a traxectoria media do alumnado (Figura 1). Obsérvase unha taxa de abandono importante no primeiro ano, pero o abandono é case cero nos anos seguintes. A taxa de abandono no primeiro curso do curso 2022-2023 reduciuse de forma significativa con respecto ao curso anterior, o que podería indicar que os estudantes accederon á titulación cunha vocación máis clara (gráfico 2). Con todo, no curso 22-23 observouse un elevado número de estudantes que cancelaron a súa matrícula e non se rexistraron como abandonos.

A menor taxa de abandono, xunto cos axustes no calendario de exames, podería explicar o maior rendemento observado nas materias de primeiro curso (Figura 3). É posible que os estudantes que comezaron a carreira no curso 22-23 teñan tamén mellores hábitos de estudo que os que ingresaron no curso anterior. Os que entraron no curso 21-22 están agora en segundo, e neste curso hai unha lixeira baixada de rendemento que podería estar relacionada coa baixa asistencia ás clases. No terceiro e cuarto ano tamén se observa unha lixeira redución, pero a taxa de rendemento mantense en valores moi elevados.

Neste curso impartíuse por segunda vez o cuarto curso do Grao en Biotecnoloxía. A opinión do alumnado sobre as materias mellorou con respecto ao curso pasado e recibíuse menos queixas. En canto ao número de alumnos matriculados nas distintas materias optativas, obsérvase un maior equilibrio (gráfico 4). O 52% dos titulados obtivo a mención Sanitaria, o 25% a Agroalimentaria e o 2% a Industrial. O ano anterior a distribución foi do 65% para a Sanitaria e do 11% para a Agroalimentaria.

En canto ás opinións do alumnado, obsérvase que na maioría dos casos aprecian a formación recibida nas distintas materias. En varios casos, os profesores reconsiderarán algunhas actividades que os alumnos consideran pouco útiles. Noutros casos analizaranse posibles solapamentos, redundancias ou desequilibrios. A coordinación consultará cal é o número de exposicións orais ao longo da titulación, que poderían reducirse para abordar outro tipo de actividades. Unha das cuestións que se repiten nos distintos cursos é a limitada utilidade das titorías, aínda que un cambio na redacción da pregunta para incluír distintos tipos de titorías reduciu o número de respostas “Non procede”. Na reforma do grao en aprobación reduciuse o número de horas dedicadas a estas actividades. Outra observación que se repite nos diferentes cursos son os problemas de calendario e a acumulación de tarefas ao final do cuadrimestre. Neste curso realizáronse cambios para adiantar actividades nalgúns cuadrimestres, pero a coordinación considera que estes cambios poderían estenderse a outros cuadrimestre. Tamén pode ser interesante explorar a realización dos exames de segunda oportunidade do segundo cuadrimestre antes que os do primeiro cuadrimestre. Por outra banda, o alumnado solicita máis información sobre o TFG e as distintas modalidades de prácticas.

Informe de Coordinación Grao en Biotecnoloxía 2º Cuadrimestre 2022-2023




Figura 1. Traxectoria dos estudantes. En vermello indícanse os abandonos, en azul a continuación de estudos e en verde a graduación.




Figura 2. Taxa de abandono en primeiro ano.




Figura 3. Porcentaxe de superación por materias. As barras grises correspóndense aos resultados do curso anterior.




Figura 4. Porcentaxe de matriculados nas distintas optativas. Os cores indican as optativas asociadas á mención Biosanitaria (vermello), Industrial (azul), Agroalimentaria (verde) ou transversais (negro). En gris móstranse os resultados do curso anterior.

Primeiro Curso

Enquisa ao alumnado.

O alumnado respondeu a “enquisa de percepción do desenvolvemento das materias” (Anexo I) dende o 9 ao 19 de maio de 2023. En total, o número de enquisas contestadas foi de 36. Os resultados desta enquisa móstranse ao final do presente informe (Anexo II).

Reunión coa representante do alumnado.

- Día: 11 de abril de 2023.

- Asistentes: María Rodríguez Fernández (representante do alumnado) e Manuel Noia Guldrís (coordinador de primeiro curso).

- Puntos da orde do día:

1.- Na reunión solicitóuselle á representante que enviara por correo-e as observacións, dúbidas, recomendacións, queixas e suxestións sobre o desenvolvemento do segundo cuadrimestre.

Punto 1 da orde do día: o 3 de xuño, a representante mandoume por correo-e os comentarios.

Reunión cos coordinadores das materias.

- As/os coordinadoras/es das materias, citados a continuación, foron convocadas/os a unha reunión a través de Teams o día 3 de xullo de 2023:

Marta Lores Aguín (Técnicas analíticas e instrumentais). Non puido asistir a esta reunión.

Gemma María Eibes González (Fundamentos de enxeñaría de bioprocesos).

Jesús Ángel López Romalde (Microbioloxía I). Non puido asistir a esta reunión.

Ana María Ríos Rodríguez (Termodinámica e cinética química).

Manuel Noia Guldrís (Coordinador de primeiro e de Bioloxía do desenvolvemento e dos tecidos).

Os comentarios aportados polo alumnado foron enviados por correo-e ao coordinador de Microbioloxía I e á coordinadora de Técnicas analíticas e instrumentais para que enviara as súas observacións.

- Orde do día:

1.- Informe xeral sobre a percepción da docencia.

2.- Rolda aberta para coñecer a opinión do profesorado das distintas materias.

Informe de Coordinación Grao en Biotecnoloxía 2º Cuadrimestre 2022-2023

Infórmase, por parte do coordinador de curso, sobre a percepción da docencia e sobre os resultados da enquisa realizada ao alumnado (Anexo II); informándose tamén sobre o resultado da seguinte pregunta que se fixo ao alumnado no primeiro cuadrimestre:

12. Cal é a túa intención respecto aos itinerarios ofertados en cuarto curso? Se dubidas podes marcar máis dunha opción

Escoller o itinerario Sanitario	28
Escoller o itinerario Industrial	0
Escoller o itinerario Agroalimentario	2
Escoller materias de distintos itinerarios 5	
Aínda non o teño pensado	14

Esta pregunta non se volverá facer xa que no novo plan de estudos, que entrará en vigor no curso 2024-2025, desaparecen os itinerarios.

O coordinador de curso comenta que o alumnado detectou e queixase das varias incompatibilidades que había nos horarios; a estes problemas fóronselle atopando alternativas. Tamén comenta que esta problemática foi trasladada ao Decanato para que se arranxen estas incompatibilidades no horario do ano que vén. Por outra banda, tamén informa que o alumnado se volve queixar dos horarios xa que teñen moitas horas libres ao principio do cuadrimestre e están moi ocupados ao final, xuntándose moita carga de traballo (traballos, controis de avaliación, etc.) cando máis cerca están os exames. O alumnado suxire rematar as clases teóricas antes e adiantar algunhas prácticas, indicando que non pode ser que as clases rematen pola mañá o mesmo día que empezan os exames pola tarde.

Estas queixas e suxestións foron transmitidas ao Decanato, respondendo que as terá en conta para o curso 2024-2025 xa que os horarios do ano que vén xa están feitos; a idea é que poida haber 3 horas de teoría por semana nas materias que teñen máis carga docente de clases expositivas e intentar aliviar a carga docente xeral ao final do cuadrimestre movendo algunhas prácticas.

O alumnado tamén suxire que os primeiros exames da segunda oportunidade que se fagan sexan os do segundo cuadrimestre porque teñen a materia máis recente, porque as materias do primeiro cuadrimestre teñen que repasalas de novo, sexan en xuño ou xullo, xa que levan sen velas dende xaneiro. A coordinadora de Termodinámica e cinética química comenta que na facultade de química xa se fai así e que lle parece unha boa idea igual que ao resto das/so coordinadoras/es.

O coordinador tamén indica que na materia **Técnicas Analíticas e Instrumentais**, os resultados da enquisa son moi semellantes aos do ano pasado.

O alumnado indica que as titorías funcionan, ata certo punto, como un seminario.

Non hai comentarios por parte da coordinadora da materia.

En **Bioloxía do Desenvolvemento e dos Tecidos** comenta que baixou claramente o número de “non procede” na pregunta 4 da enquisa (titorías) o que parece ser debido ao cambio que se fixo na formulación da pregunta. Sube a percepción da utilidade da titoría e baixa a de prácticas e seminarios.

O alumnado considera que ao traballo do seminario hai que lle dedicar moito tempo persoal e que a súa nota non vai en relación con tempo empregado.

O coordinador da materia informa que para o ano que vén volverase cambiar a dinámica dos seminarios polo que se pensa que se vai diminuír a carga de traballo e, ademais, contarán máis para a nota final.

En canto a **Fundamentos de Enxeñaría de Bioprocesos**, fai notar que con respecto ao ano pasado aumenta a percepción da utilidade das titorías, prácticas e seminarios. Non obstante, o alumnado indica que as prácticas son pouco útiles e non serven para entender mellor a materia, ademais de que se fan moi longas, chegando a dicir que poderían suprimirse. Tamén comentan, que entre os grupos de prácticas, hai diferenzas no número de exames e exercicios que teñen que facer; con respecto a este punto, o coordinador indica que se isto é certo non debería volver pasar.

A coordinadora da materia indica que nos distintos grupos de prácticas foron a diferentes ritmos ao facer os exercicios do boletín e que non se fixo o mesmo número deles en todos os grupos, pero que as entregas para examinar as prácticas foron dúas para todos os grupos de prácticas. Ademais, comenta que para o ano que vén xa só vai haber un profesor de prácticas. Por outra banda, tamén van reducir o número de horas dun dos programas que usan en prácticas e aumentar horas de excel polo que se parecerá máis ao que se trata nos seminarios.

En **Microbioloxía**, os resultados da enquisa son semellantes aos do ano pasado, pero baixa a percepción da utilidade das titorías. Tamén diminuíu claramente o número de “non procede” na pregunta 4 (titorías) o que, como no caso de bioloxía do desenvolvemento e dos tecidos, parece ser debido ao cambio que se fixo na formulación da pregunta.

O alumnado considera o temario desordenado e que nalgúns partes se profundiza moito e outras quedan incompletas (non especifican cales). Ademais, sobre as titorías, indican que ao principio do curso déuselhes dúas opcións: actividades presenciais ou facer un traballo a través de Twitter; e que escolleron o traballo de Twitter pensando que terían titorías presenciais para facelo e non ter que usar horas non presenciais.

Informe de Coordinación Grao en Biotecnoloxía 2º Cuadrimestre 2022-2023

O coordinador da materia informa que o temario está ordenado dende un punto de vista de formación, comenzando polo estudo da célula procariota, pasando despois a temas de nutrición e crecemento de microorganismos, control de crecemento, taxonomía de microorganismos, virus e terminar cos ciclos da materia e aplicacións biotecnolóxicas. É certo que dalgún tema pode profundizarse máis en seminarios, e estes non sempre van acompañados co desenvolvemento dos temas nas expositivas. Os temas nos que se está a profundizar menos é na parte taxonómica (que por outra banda e a que non lles gusta). Non quedou nada incompleto.

Por outra banda, a actividade de twitter foi perfectamente explicada ao principio de curso, e sabían que era con horas non presenciais, pero que os grupos de traballo podían solicitar titoría presencial. Ningún grupo solicitou titorías presenciais.

Por último, na materia **Termodinámica e Cinética Química**, o máis destacable da enquisa sería a suba na percepción da utilidade das titorías e seminarios. Ademais, no curso 2021-2022 baixara a percepción da utilidade das prácticas con respecto ao ano anterior, pero volve subir neste curso. O alumnado comenta que facer os controis no medio do curso é moi útil, pero se se fan mal tense moito en conta. O alumnado tamén indica que a impartición desta materia foi moi boa.

Non hai comentarios por parte da coordinadora da materia.

ANEXO I

ENQUISTA DE PERCEPCIÓN DO DESENVOLVEMENTO DAS MATERIAS.

CURSO 2022-23. 2º CUADRIMESTRE.

Materias: Técnicas analíticas e instrumentais, Bioloxía do desenvolvemento e dos tecidos, Fundamentos de enxeñaría de bioprocesos, Microbioloxía I e Termodinámica e cinética química.

1. As actividades realizadas axústanse á guía docente

- Pouco (1)
- Bastante (2)
- Moito (3)
- Non procede (0)

2. O temario impartido axústase ao programa

- Pouco (1)
- Bastante (2)
- Moito (3)
- Non procede (0)

3. O temario impartido é redundante con outras materias do mesmo ou diferente curso

- Pouco (1)
- Bastante (2)
- Moito (3)
- Non procede (0)

4. As titorías en grupo foron útiles

- Pouco (1)
- Bastante (2)
- Moito (3)
- Non procede (0)

5. As clases prácticas (laboratorio/ordenador/problemas/exercicios) foron útiles

- Pouco (1)
- Bastante (2)
- Moito (3)
- Non procede (0)

6. Os seminarios foron útiles

- Pouco (1)
- Bastante (2)
- Moito (3)
- Non procede (0)

7. Creo que a docencia da materia mellorou a miña formación

- Pouco (1)
- Bastante (2)

Moito (3)

Non procede (0)

8. Creo que o esforzo e dedicación que esixe a materia foi

Baixo (1)

Medio (2)

Elevado (3)

Non procede (0)

9. Cantas horas semanais de traballo persoal ao longo do cuadrimestre son necesarias para a superación da materia?

< 3 horas (1)



3 a 6 horas (2)

> 6 horas (3)



Non procede (0)



10. Observacións e suxestións



ANEXO II





Informe de Coordinación Grao en Biotecnoloxía 2º Cuadrimestre 2022-2023









Segundo curso

Enquisa de valoración da docencia

O alumnado cubriu a enquisa de valoración de maneira presencial na semana do 8-10 de maio. O número de alumnos que cubriron a enquisa foi de 35.

As gráficas cos resultados obtidos móstranse no Anexo I.

A reunión da coordinadora Cristina Díaz Jullien con Santiago Boiero Barsce, representante do alumnado, tivo lugar o 6 de xuño. Como a enquisa fíxose antes do período de exames, non está a pregunta correspondente ao “Nivel esixido no exame”, pero o representante solicitou de maneira informal a opinión dos seus compañeiros e comentouna durante a reunión.

Enviáronse por correo electrónico as enquisas e os comentarios do alumnado aos coordinadores de cada materia, e eles contestaron tamén a través do correo. Mantívose unha reunión cos coordinadores das materias Bioquímica I e II para discutir os comentarios sobre estas dúas materias.

Comentarios xerais

Do mesmo xeito que en cursos anteriores (aínda que quizais en maior medida), repítense as queixas sobre a distribución da docencia no cuadrimestre, cunha acumulación de horas interactivas (sobre todo prácticas) cara ao final do cuadrimestre, o que tamén lles supón que se xunten as entregas de traballos e memorias de prácticas.

Tentarase, na medida do posible, optimizar o calendario para o curso que vén, aínda que a distribución de prácticas está suxeita á dispoñibilidade dos laboratorios e do profesorado que as imparte, polo que moitas veces non é posible adiantalas aínda que haxa ocos no calendario a principio do cuadrimestre.

Na maioría das materias os profesores notaron unha diminución notable na asistencia as clases expositivas, non só a finais do cuadrimestre como en cursos anteriores, senón case desde o principio. Haberá que facer un seguimento para ver se foi algo puntual deste curso ou se, pola contra, mantense no futuro. Tamén apreciaron un descenso na media das cualificacións, polo menos na primeira oportunidade, o que consideran que podería deberse, polo menos en parte, ao baixo aproveitamento das clases expositivas.

Comentarios sobre cada materia

BIOQUÍMICA II:

A principal queixa do alumnado refírese ao programa demasiado amplo para as horas de clase dispoñibles; ademais, debido a que se imparte cunha gran profundidade (aínda que están contentos coa forma de explicar do profesor), non se deu gran parte do temario, o que queda reflectido na baixa puntuación dos ítems “Guía docente” e “Temario”.

Case o 100% dos que contestaron á pregunta 8 considera que o esforzo necesario para preparala é elevado. Consideran que unha posible solución sería pasar parte dos contidos da BQII á BQI, xa que cren que hai moita diferenza na amplitude dos programas e contidos impartidos.

En canto aos seminarios, unha gran parte do alumnado (68%) cre que foron pouco útiles (cambiáronse con respecto ao curso pasado e a súa valoración é máis baixa), xa que a preparación dun traballo e as exposicións que realizaban non lles axudaban a comprender mellor a teoría. Consideran que serían máis proveitosos se se combinasen coa resolución de exercicios/problemas para a preparación do exame.

A maioría dos estudantes cren que o nivel do exame correspondíase coas explicacións impartidas durante o curso.

Comentarios do coordinador:

Está de acordo con os comentarios dos estudantes sobre a necesidade dun maior número de horas para poder impartir toda a materia coa profundidade que el considera necesaria para unha boa formación, e recoñece que este curso non chegou a explicar unha parte importante do programa.

En canto aos seminarios, a idea era dedicar algúns á exposición de traballos por parte do alumnado e o resto para facer exercicios/problemas, aínda que non tivo tempo para facelos xa que as exposicións dos alumnos levaron máis tempo do que previra. Para o curso que vén organizarao doutra maneira.

A reunión cos coordinadores da BQ I e II levouse a cabo para tentar compensar na medida do posible as diferenzas en canto a amplitude entre ambas materias que os estudantes reflectiron nos seus comentarios. Aínda que non é posible modificar os contidos das materias, si se chegou a un acordo para que na BQI se faga un maior fincapé nalgúns aspectos que son fundamentais para que os estudantes poidan abordar o estudo da BQII mellor preparados; desta forma, tamén se conseguiría impartir na súa totalidade o programa desta materia, xa que o profesor perde bastante tempo recalando conceptos que os alumnos xa deberían ter pero non parecen ter asimilado correctamente.

FISIOLOXÍA VEXETAL:

En xeral os estudantes están satisfeitos coa materia e a forma de impartila, aínda que o 100% dos que contestaron á pregunta considera que o esforzo necesario para preparala é elevado.

Algúns opinan que sería necesario máis tempo entre o tema impartido e o seminario correspondente (polo menos nalgúns casos eran moi seguidos), así como ter os resultados corrixidos (tanto dos seminarios como das prácticas) antes do exame.

A maioría dos estudantes consideran que o nivel do exame correspondíase coas explicacións impartidas durante o curso.

Comentarios do profesor:

“A materia impartíuse de forma moi similar á do ano pasado, pero vexo que aumenta o esforzo percibido e baixa a achega á formación. A verdade é que non se me ocorre unha explicación, máis aló de que o mal resultado do parcial fixéselles percibir unha dificultade maior. Tiveron os resultados de prácticas antes do exame, aínda que é certo que o día anterior. Os resultados dos cuestionarios dos seminarios tíñanos en cada sesión, pero a nota final non lla puxen ata despois do exame, porque non me deu tempo a facer todos os cálculos. Tentarei telo o ano que vén. O de máis tempo entre clase e seminario non o vexo moi factible, creo que é mellor ver os problemas dun tema ao acabalo, outra cousa é a xente que non vai a clase, ás veces non colguei o audio ata o día do seminario, tentarei emendalo o curso que vén.”

ENXEÑERÍA XENÉTICA:

Están satisfeitos coa materia e cren que contribúe moito á súa formación.

Para aliviar algo o problema do calendario, gustaríalles que se adiantasen un pouco as prácticas (a última tivo lugar tres días antes do exame) e o último seminario (no que teñen que presentar un traballo).

Comentarios da profesora:

Entende que o final de curso é complicado e acumúlanse as clases interactivas e as entregas de cuestións e traballos. Aínda que é difícil, tentará adiantar as sesións de prácticas para que non terminen a última semana de clase; con todo, con respecto á entrega das cuestións de prácticas, non tiñan que esperar a terminar todas as sesións para contestalas e mesmo podían ir facéndoas no tempo libre que tiñan no laboratorio. O último seminario non se pode adiantar, xa que é necesario explicar a maioría dos temas nas clases expositivas antes de facelo.

INMUNOLOXÍA

En xeral están moi satisfeitos coa materia (mellorou a súa valoración en practicamente todas as preguntas) e consideran que contribuíu moito a mellorar a súa formación. Como aspecto a mellorar sinalan que lles gustaría que as diapositivas das clases que están no campus virtual tivesen as figuras ou, se non é posible, ao referencialas puxésese non só o libro senón tamén a edición correspondente.

En canto ao nivel do exame, consideran que as preguntas que non eran tipo test non reflectían a relevancia que se lle deu á hora de explicalas polo que non lles esperaban, e á maioría resultáronlle moi difíciles de contestar.

Comentarios da profesora:

“Ao comezo de curso explicóuselles que é ilegal a utilización de imaxes con Copyright (que son todas as dos libros e publicacións científicas) en guías e no campus virtual, polo cal hai que asinar un compromiso de non utilización neste medio. Sempre se lles indicou a referencia onde foran tomadas (poida que nalgún caso faltase a edición, pois sempre se usou a mesma e dedúcese que sería a mesma). Ademais, nalgún caso en que non atoparon unha ou unhas poucas imaxes, fornecéronselles directa e persoalmente pola profesora (como así se lles ofreceu previamente).

Hei de destacar que a parte do exame tipo test constou de 40 preguntas, con 5 posibles respostas e das cales soamente unha era correcta. Neste test, as respostas incorrectas NON CONTAN NEGATIVO, por tanto, considero que é fácil de obter un bo resultado. Tamén quero indicar que, por suposto, había preguntas con distintos niveis de complexidade, para poder valorar o distinto nivel de coñecemento dos alumnos.

Durante o curso académico tiveron unha moi boa sintonía cos alumnos e foi moi agradable o desenvolvemento das distintas actividades académicas (expositivas, seminarios e prácticas). Con todo, apreciei que neste curso os alumnos asistiron menos a clase en comparación con outros cursos académicos. Ademais, polas preguntas realizadas tanto en clase como en seminarios, tamén notei un menor seguimento continuo da materia, tendo a impresión de que deixaron o estudo para o final, o que redundou nun peor aproveitamento e comprensión dos conceptos explicados e que adoita acompañar a unha maior dificultade para superar o exame e obter uns mellores resultados finais.”

XENÉTICA II

O principal problema que refiren os estudantes é con respecto ao solapamento con outras materias: un 26% cre que hai moito e un 50% bastante, sobre todo con coñecementos impartidos en Xenética I (pero tamén con Bioloxía Celular). Consideran que as clases están bastante desaproveitadas (parécelles que “sobran” horas

Informe de Coordinación Grao en Biotecnoloxía 2º Cuadrimestre 2022-2023

expositivas), xa que os temas/conceptos que xa foron explicados noutras materias non se imparten cunha maior profundidade.

Con respecto ao curso pasado, mellorou a valoración tanto das prácticas como dos seminarios.


O coordinador da materia non fixo ningún comentario.




O curso que vén organizarase unha reunión entre os coordinadores de ambas materias para discutir este problema.


ANEXO I. ENQUISAS DE VALORACIÓN DA DOCENCIA

1. As actividades realizadas axústanse á guía docente
2. O temario impartido axústase ao programa
3. Hai redundancias con outras materias do mesmo ou diferente curso (3: poucas; 2: algunhas; 1: moitas)
4. As titorías son útiles
5. As clases prácticas son útiles
6. Os seminarios son útiles
7. Creo que a docencia da materia mellorou a miña formación
8. Creo que o esforzo e dedicación que esixe a materia foi: (1: baixo; 2: medio; 3: elevado)
9. Cantas horas semanais de traballo persoal son necesarias para a superación dá materia? (1: <3 h; 2: 3-6 h; 3: >6 h).

Os números dentro das barras corresponden ás respostas “NON PROCEDE”.







Terceiro Curso

Reunión de coordinación

A reunión celébrase na Sa X3.1 da ETSE e por Teams o día 22 de setembro de 2023 en horario de 13:15 a 14:10.

Asisten: José Antonio Costoya Puente, Jorge Barros Velázquez e Enrique Roca Bordello.

Xustifican a súa ausencia: Carlos Rodríguez Osorio, María Teresa Moreira Vilar, Marta Carballa Arcos, Marco Eugenio Vázquez Sentís.

Informe do 2º cuadrimestre do curso 2022-23.

Realizouse unha enquisa cun grao de participación alto, responderon 44 estudantes.

As cuestións plantexadas na enquisa:


- 1.- ¿As actividades realizadas axústanse á guía docente?
- 2.- ¿O temario impartido axústase ao programa?
- 3.- ¿O temario impartido é redundante con outras materias do mesmo ou diferente curso?
- 4.- ¿As titorías foron útiles?
- 5.- ¿As clases prácticas/sesións de ordenador foron útiles?
- 6.- ¿Os seminarios foron útiles?
- 7.- Creo que a docencia da materia mellorou a miña formación
- 8.- Creo que o esforzo e dedicación que esixe a materia foi
- 9.- ¿Cantas horas semanais de traballo persoal ao longo do cuadrimestre son necesarias para a superación da materia?

Nota.- A enquisa fíxose antes da avaliación polo que non se incluíu a pregunta en relación co exame.

Respostas: Niveis 1 a 3: Pouco (0-1), Bastante (1-2), Moito (2-3) para as preguntas 1-7.

Baixo, Medio, Elevado para a pregunta 8.

< 3 horas, 3 a 6 horas, > 6 horas para a pregunta 9.

Resultados medios da enquisa**MEDIA 2º CUADRIMESTRE 2022-23**

As opinións dos alumnos sobre o segundo cuadrimestre son, en xeral, boas aínda que algo peores que en cursos anteriores. Nótase un peor comportamento especialmente no referente ás prácticas e titorías, polo que sería importante tratar de corrixi-los posibles desaxustes, se identificamos as causas, para este curso. En parte, o que se ve a partir de moitos comentarios dos alumnos e os resultados da enquisa é que os alumnos vense máis sobrecargados (especialmente ao final pola excesiva entrega de traballos) e perciben que nalgúns casos o que fan non ten utilidade (en certas prácticas e titorías, especialmente) ou que ademais aprecian que son redundantes con outras materias (esto o manifestan en bastantes comentarios que fan). Isto pode facer que teñan esa percepción de facer tanto esforzo. É curioso, non obstante, se nos fixamos no punto de redundancias a grande maioría opina na enquisa que non as hai.

Á vista da enquisa, o aspecto do esforzo que teñen que dedicar é alto ou moi alto, algo que tamén parece contradictorio co resultado das horas de traballo que dedican pois é moito máis equilibrado.

Esta cuestión de percepción de pouca utilidade de titorías e prácticas, algo mellor no caso do seminarios, é algo reiterado ao longo dos diferentes cursos, polo que quizais habería que tratar de facerlles ver algo mellor para que se propoñen, cal é o obxectivo e para que serve o que van a aprender, e verificar se as redundancias entre materias que indican os alumnos son así e, nese caso, tratar de eliminalas.

Comentarios dos alumnos

Da reunión co alumno delegado de 3ºCurso e dos comentarios dos alumnos na enquisa, extráense as seguintes cuestións relativas ao desenvolvemento do segundo cuadrimestre sobre as que reflexionar e que se analizan na reunión:

- Acumulación de tarefas ao final do cuadrimestre.
- Horarios mal deseñados (horas non agrupadas, cambios nos horarios non comunicados aos alumnos, confusión,).
- Prácticas mal plantexadas (pouco laboratorio, non aportan coñecementos novos,...)
- Excesiva carga da continua para o que conta na nota.
- Dar información sobre TFG, prácticas curriculares e extracurriculares.

Accións de mellora.

No relativo a cuestións que son común ao curso, como o tema dos horarios e a de información sobre os TFG e as Prácticas, coméntase o indicado en relación co primeiro cuadrimestre a os presentes indican que lles parece axeitado.

a.- Os horarios do curso 2023-24, xa na súa elaboración se tratou de corrixir certas deficiencias para evitar a mala percepción dos alumnos, fundamentalmente relacionadas coa existencia de horas mortas. Adiantáronse clases expositivas e algúns seminarios.

b.- Dende o Decanato se ampliará a información que se subministra aos alumnos, en particular sobre os aspectos administrativos relacionados co TFG e ás Prácticas Curriculares e Extracurriculares.

Nas outras cuestións acórdase o seguinte:

c.- No relativo ao contido das prácticas, nalgunha materia vaise reformular o seu contido e propor algunha práctica alternativa (p.e. en Biotecnoloxía de Alimentos).

d.- Para reducir a sobrecarga de traballos ao final do cuadrimestre, vaise ver a posibilidade de adiantar seminarios (xa no segundo cuadrimestre deste curso) en materias nas que os traballos propostos estean relacionados con estes, para así poder propoñelos ao principio do cuadrimestre e que a data de entrega tamén sexa antes. Tamén se acorda por axeitada a posta en marcha por parte da coordinación do título dun

calendario no Campus Virtual para que os profesores publiquen as datas de presentación de traballos para que sexan coñecidas polos alumnos e os profesores e así evitar coincidencias e acumulacións nas mesmas (en especial ao final do cuadrimestre), o que provocan sensación de estrés nos alumnos.

e.- Acéptase tamén Incorporar descansos nas prácticas, en especial as que se realizan con ordenadores. Establecer descansos en torno a 10 min cada hora de prácticas para aquelas cunha duración superior a dúas horas.

Cuarto Curso

Ou alumnado respondeu a enquisa “Percepción do desenvolvemento das materias 22-23 de maneira telemática durante o día 11/05/2023 as 9:00 ata o día 12/05/2023 as 20:00h.

A reunión cunha das dúas representantes de alumnos, foi de forma telemática (Microsoft Teams) o día 19/07/2023. Asistentes: Asistentes: Lucía Lorenzo Rodríguez (representante do alumnado) e Sabela Balboa Méndez (coordinadora de 4º curso).

Ou informe enviouse aos coordinadores das materias que non tiveron comentarios.

Contestaron a enquisa 35 persoas.

Cabe destacar que houbo unha parte do alumando que respondeu a todas as preguntas independentemente de se as cursaban ou non. Para a análise de respostas e representacións gráficas, elimináronse aquelas persoas que non cursaran a materia, entendo como tal aquelas que contestaron non procede en todos os ítems dunha materia.

Comentarios xerais

COMENTARIOS XERAIS SOBRE O DESENROLO DAS MATERIAS

Unha análise xeral das respostas indica que todos os elementos foron avaliados por enriba da media.

O alumnado considera que en xeral hai un bo axuste ao programa e entre o exposto na guía docente. Consideran que non existen redundancias excepto en Biotecnoloxía farmacéutica e Bioprocesos industriais e ambientais que consideran que existe certo solapamento.

A asistencia as titorías de grupo variou moito entre materias e foi baixa, pero en xeral foron ben avaliadas, sempre por enriba da media e na maioría dos casos sendo superior a 2 excepto en Biotecnoloxía farmacéutica en Vacinas e aplicacións biotecnolóxicas dos virus.

Consideran que as prácticas en calquera das súas modalidades así como os seminarios son útiles ou moi útiles.

En xeral, consideran que todas as materias melloraron a súa formación.

O esforzo percibido polo alumnado é en xeral medio ou baixo. A carga de horas de traballo aparece correlacionada coa percepción de esforzo.

COMENTARIOS XERAIS DO ALUMNADO

- TFG: Quéixanse da lonxitude permitida do documento escrito (20 páxinas) e en xeral da falta de información do proceso.

-Prácticas de empresa: consideran moi útil ter o primeiro mes de curso para realizar as prácticas sen carga docente.

Comentarios por asignaturas:

Seguridade e aspectos legais e éticos da biotecnoloxía (Coordinador: Ángel García Vidal)

Contestaron a enquisa un total de 34 alumnos para esta materia.

O alumnado informa que a parte de contidos legais é adecuada ao grao e as súas necesidades e gústalles o enfoque. Consideran que foi moi útil para a súa formación.

Por outra banda, queixase da parte de aspectos éticos por considerala moi xeral e non atopan a relación do exposto na aula coa biotecnoloxía.

Bioprocesos industriais e ambientais (Coordinadora: Marta Carballa Arcos)

Contestaron a enquisa un total de 5 alumnos para esta materia.

Non hai comentarios para esta materia.

Biotecnoloxía farmacéutica (Coordinador: Marcos García Fuentes)

Contestaron a enquisa un total de 16 alumnos para esta materia.

Recolléronse comentarios sobre o solapamento con outras materias do grao aínda que os resultados numéricos non reflectan este comentario.

Biotecnoloxía mariña e de acuicultura (Coordinadora: Sabela Balboa Méndez)

Contestaron a enquisa un total de 18 alumnos para esta materia.

Non hai comentarios para esta materia.

Nutrixenética e nutrixenómica (Coordinadora: M^a do Pilar Calo Mata).

Contestaron a enquisa un total de 25 alumnos para esta materia.

Non hai comentarios para esta materia.

Proxectos e deseño de instalacións (Coordinador: Héctor Rodríguez Martínez)

Contestou a enquisa unha persoa.

Non hai comentarios para esta materia.

Vacinas e aplicacións biotecnolóxicas dos virus (Coordinadora: Sandra Souto pereira)

Contestaron a enquisa un total de 15 alumnos para esta materia.

Non hai comentarios para esta materia.

ANEXO I. ENCUESTAS DE VALORACIÓN DE LA DOCENCIA

- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse á guía docente (1: Pouco; 2: Bastante; 3: Moito).
- 2.- O temario impartido axústase ao programa (1: Pouco; 2: Bastante; 3: Moito).
- 3.- O temario impartido é redundante con outras materias do mesmo ou diferente curso (1: Pouco; 2: Bastante; 3: Moito).
- 4.- As titorías en grupo foron útiles (1: Pouco; 2: Bastante; 3: Moito).
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/ordenador/problemas/exercicios) foron útiles (1: Pouco; 2: Bastante; 3: Moito).
- 6.- Os seminarios foron útiles (1: Pouco; 2: Bastante; 3: Moito).
- 7.- Creo que a docencia da materia mellorou a miña formación (1: Pouco; 2: Bastante; 3: Moito).
- 8.- Creo que o esforzo e dedicación que esixe a materia foi (1: Baixo; 2: Medio; 3: Elevado).
- 9.- Cantas horas semanais de traballo persoal ao longo do cuadrimestre son necesarias para a superación da materia? (1: <3 horas; 2: 3-6 horas ; 3: >6 horas).

Los números dentro de las barras corresponden a las respuestas “NO PROCEDE”

